

## **INFORME ADICIONAL AO DE AUDITORIA DAS CONTAS ANUAIS**

### **I. INTRODUCCIÓN.**

#### **a) Órgano que emite o informe.**

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a través da Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente, no exercicio do control financeiro que establece o punto 5 do acordo do Consello da Xunta, do 18 de marzo, polo que se implanta o Sistema Integrado de Información e Control Permanente das Sociedades e Fundacións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, realizou a auditoría das contas anuais do exercizo 20XX da fundación/sociedade/ente/organismo XXXX.

A sociedade XXXXXXXX procedeu ao exame das devanditas contas anuais emitindo o correspondente informe con data..... Neste informe recóllense os resultados obtidos que non teñen cabida no informe de auditoría das contas anuais e outros de cumprimento dos requisitos mínimos de legalidade que lle resultan aplicables, tendo o carácter de adicional de aquel.

#### **b) Normas con arreglo ás que se desenvolve o traballo.**

O programa de traballo axustouse na súa totalidade ao aprobado na Resolución de XX de XXX do 200X, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, pola que se establece o Plan de Control Financeiro Permanente das actividades realizadas polas Sociedades Públicas Autonómicas, durante o ano 200X.

A planificación e desenvolvemento dos traballos efectuáronse de acordo co disposto nas normas de auditoría do sector público e nos termos establecidos na Norma técnica sobre os informes de auditoría das contas anuais.

### **c) Carácter e tramitación do informe.**

O presente informe ten carácter definitivo, e incorpora a valoración das alegacións feitas pola entidade auditada.

(Para o caso de non formularse alegacións)

O presente informe é o informe provisional elevado a definitivo por non formular alegacións a entidade auditada.

## **II. CONSIDERACIÓNS XERAIS**

A Sociedade/fundación/organismo/ente constituíuse o....., pertence ao sector público autonómico e rexe a s súas actuacións polo establecido nos seus estatutos, na lei XX/XX e no DL 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba oTRLFO e demais normativa de desenvolvemento.

A súa actividade consiste en.....(breve descrición das principais actividades que desenvolve e datos que permitan ao lector apreciar o volume de operacións, as súas fontes de financiación, plantilla.....).

## **III. OBOXECTIVOS E ALCANCE DO TRABALLO**

Os procedementos de auditoría aplicados foron deseñados exclusivamente para emitir opinión sobre as contas, se ben da súa aplicación deducíronse resultados significativos dende a perspectiva do control interno, da legalidade e da xestión económica financeira. Estes resultados quedan reflectidos no informe adicional sen que caiba inferir pronunciamento ningún sobre feitos ou situacións diferentes dos que se describan neste informe.

Para verificar outros obxectivos ampliouse o alcance da auditoría aos seguintes extremos:

- ✓ XXXXX (apartado X )
- ✓ XXXXX (apartado Y )

Nos traballos levados a cabo comprobáronse os seguintes aspectos:

- a. Respecto da normativa aplicable en materia de contratación de persoal, adquisición de bens e servizos e a disposición dineraria de fondos sen contraprestación, verificouse si se leva a cabo consonte a normativa aplicable e en cumprimento dos fins da entidade. En particular comprobar o grao de cumprimento do Acordo do Consello da Xunta do 18 de marzo de 1999 no relativo ás decisións de gasto adoptadas polos órganos de goberno da entidade e á información contable.
- b. Verificación da execución dos orzamentos de explotación e de capital da entidade e xustificación das subvencións percibidas de ..... e destinadas a financiar globalmente a súa actividade.
- c. Análise de debilidades atopadas na xestión contable da entidade.

## **b) Alcance dos traballos.**

### **c ) Limitacións ó alcance.**

#### **SI NON EXISTIRON:**

Non existiu ningunha limitación ao alcance que impidise a verificación dos obxectivos do control. Para a realización do traballo existiu a total colaboración dos responsables e demais persoal da entidade.

#### **SI EXISTIRON:**

Indicaranse as limitacións que se produciran no traballo desenvolvido.(si derivan de deficiencias no procedemento administrativo, detallaranse na sección de resultados)

## **IV. RESULTADOS DO TRABALLO**

### **IV.1. CONTRATACIÓN DE PERSOAL**

Normativa aplicable.

Indicar os procesos de selección e si cumpriron o procedemento da Lei 10/96. No caso de que pola contía so se revisara unha mostra indicar que porcentaxe dos celebrado supón.

En particular verificar que as retribucións foron autorizadas polas DX de función pública e orzamentos e que o incremento das retribucións está a axustarse ao sinalado na Lei de Orzamentos Xerais de cada ano.

#### **IV.2. ADQUISICIÓNS DE BENS E SERVIZOS**

Normativa aplicable.

Indicar os contratos formalizados durante o exercicio e a porcentaxe revisada. Sinalar se a súa tramitación axustouse á normativa que lles resulta aplicable en materia de contratación.

#### **IV.3. DISPOSICIÓN DINERARIA DE FONDOS SEN CONTRAPRESTACIÓN DIRECTA**

Normativa aplicable.

Indicar as axudas e subvencións concedidas pola entidade e a porcentaxe revisada. Sinalar se a súa tramitación axustouse á normativa que lles resulta aplicable en materia de subvencional.

#### **IV.4 ÁREA ORZAMENTARIA E ECONÓMICO FINANCEIRA**

##### **a. Análise das desviacións orzamentarias**

Incluirase unha análise orzamentaria e económica financeira das magnitudes orzamentarias e financeiras da entidade e da súa evolución e desviacións en relación ás contas revisadas.

**(...)**

##### **b. área económico financeira**

As áreas serán as que se definiran para facer o traballo de campo da auditoría de contas ou serán as coincidentes coas áreas de actividade da entidade auditada.

As áreas pódense subdividir en apartados para recoller de forma separada distintos aspectos da actividade que foi obxecto de análise.

##### **c. outros asuntos relativos ao control interno.**

(sinalar aqueles aspectos do procedemento e prácticas contables ou debilidades de control interno que aínda por razóns de materialidade non teñan incidencia no informe de auditoría de contas sexan susceptibles de mellora)

## **V. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.**

Sinalaranse de xeito conciso as conclusións obtidas en cada área tan so no caso de que o punto IV do informe ocupara máis de catro páxinas.

## **VI. ALEGACIÓNS**

## **VII. OBSERVACIÓNS ÁS ALEGACIÓNS**

No caso de que se estimen as alegacións estas varaiarán o informe provisional no sentidoao estimado.

Santiago de Compostela, XX de XXXX de 200X